

ANUNCIO.

CONCESIÓN DE PREMIOS POLO CONCURSO FOTOGRAFÍA "MULLER TRABALLADORA" 2020

Con data de 04.05.2020 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a resolución nº 507/2020 co seguinte contido:

“ **LOGO DE VER** a proposta de concesión de premios polo CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A MULLER TRABALLADORA” feita pola Concellería da Educación, Muller e Benestar Social de data 29/04/2020, de conformidade coas bases do concurso aprobadas nas bases de execución do orzamento de 2019 e publicadas no BOP de data 15 de xullo de 2019 e a convocatoria aprobada por resolución desta Alcaldía de data 13/01/2020 e publicada no BOP de data 17/01/2020.

E DE VER o informe de fiscalización favorable da intervención municipal de data 30/04/2020 sobre a mesma.

De conformidade coas competencias que me outorga o artigo 21 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e artigo 185 e 186 do TR 2/2004 da lei reguladoras das facendas locais,

ACABO EN DECRETAR:

1º) Conceder ás seguintes persoas os premios previstos nas bases, segundo a proposta do órgano instructor:

APELIDOS E NOME	NIF/CIF	CATEGORÍA/PREMIO	CONTÍA PREMIO
PENA NOYA, REBECA	***2332**	XERAL/ 1º PREMIO	250 €
PENA NOYA, REBECA	***2332**	XERAL/ 2º PREMIO	150 €
FERNANDEZ MOSQUERA, SARA	***0747**	XERAL/ 3º PREMIO	100 €
CAAMAÑO MIRA, HUGO	***0202**	INFANTIL/ 1º PREMIO	VALE AGASALLO VALORADO EN 100€
BLANCO RAÑA, TAMARA	***6773**	INFANTIL/ 2º PREMIO	VALE AGASALLO VALORADO EN 60€

2º) Recoñecer a obriga por importe de 660,00 € con cargo á partida 231.489.00 do orzamento presente.

3º) Ordenar o seu pago.

4º) Proceder a publicar a presente resolución de premiados na páxina web municipal e taboleiro de edictos dixital da corporación respectando en todo caso a normativa de protección de datos, aos efectos de notificación aos interesados segundo as bases.”

RECURSOS

Este acordo pon fin á vía administrativa. Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día

seguinte ao da data da súa notificación (artigo 124.1 da Lei39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa(artigos 124.2 e 24.1 da dita Lei 39/2015).Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose. Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente. De conformidade co previsto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto – Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte aoCOVID-19, o cómputo do prazo para interpoñer recursos en vía administrativa, ou para instar calquera outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje que os substitúa, da cordo co previsto nas leis, en calquera procedemento do que poidan derivarse efectos desfavorables ou de gravame para o interesado, computarase desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que tivera transcorrido desde a notificación da actuación administrativa obxecto do recurso ou impugnación con anterioridade á declaración do estado de alarma. O anterior enténdese sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación

En Oroso asinado dixitalmente polo alcalde
Manuel Mirás Franqueira